

Á/A do Presidente do Comité de Seguridade e Saúde

Asunto: vestuarios, taquillas e seguridade laboral



Como ben sabe o Presidente do Comité o resto de membros, a Xunta de Persoal e as distintas OOSS no momento de inaugurar este noso hospital, fixemos sen número de queixas pola insuficiencia das taquillas para gardar a roupa da rúa e a uniformidade.

Distintas denuncias, algunha delas a Inspección foron infrutuosas aducindo diversas cuestiós.

Dez anos máis tarde, en plena emerxencia sanitaria, seguimos igual. Non se lle pode pedir ao persoal que recolla os pixamas da lencería cando non ten onde gardalos, nin tampouco pode nin debe levalos á casa.

Non deixa de ser bastante antihixiénico mesturar os uniformes limpos coa roupa habitual que vén da casa e da rúa e que pode ser un instrumento de contaminación co que transmitir o coronavirus.

Se de algo non nos podemos queixar no Hula é de falta de espazo, ben é certo de que se recolleu "a chave" dun edificio sen que remataran as obras, de modo que media planta 0 se atopa con espazos cun chan de terra e as pareces sen enlucir.

Dende a CIG-Saúde en nome do seu delegado de prevención David Vázquez Vázquez pedimos que de xeito inmediato se contemple a ampliación dos vestuarios e a dotación de taquillas completas por cada traballadora, tal e como acontece nos vestuarios que hai nas distintas unidades e que dotan a cada traballadora/or dunha taquilla tradicional....

Consideramos que isto sería unha gran inversión que melloraría as condicións de confortabilidade e seguridade no traballo do persoal, para esta pandemia e incluso outras futuras que virán tal e como auguran gran parte de virólogos recoñecidos a nivel mundial .

Esperando pronta resposta, un saúdo

Asdo Carme Aira

Lugo a 8 de maio de 2020

